

EDICTO

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e cinco de xuño de dous mil nove, acordou aprobar inicialmente o Regulamento de Uso do Servizo Municipal de Préstamo de Bicicletas. Contra este Regulamento non se presentaron reclamacións durante o prazo de exposición ao público, segundo edicto publicado no Boletín Oficial da Provincia número 132, de trece de xullo de dous mil nove, quedando aprobado definitivamente, polo que se fai público o texto completo na forma seguinte:

REGULAMENTO DE USO DO SERVIZO MUNICIPAL DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS NO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.

O obxecto deste regulamento é establecer as normas de uso para o servizo de préstamo de bicicletas do municipio de Vilagarcía de Arousa, consistente na posta a disposición dos cidadáns e visitantes dun sistema automático de préstamo de bicicletas para o transporte urbano, lúdico e de paseo, de xeito que se anime e facilite a utilización da bicicleta como alternativa limpa e saudable.

O servizo queda limitado ao termo municipal do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Artigo 2. Usuarias e usuarios.

Poderán ser usuarias e usuarios do servizo tanto as persoas maiores de idade coma as menores de entre 16 e 18 anos sempre e cando no momento de solicitar a alta se achegue a autorización expresa e por escrito da nai, pai ou titor/a legal.

Na dita autorización deberá facerse constar que a nai, o pai ou a titora ou titor legal se responsabiliza de todos aqueles danos que, directa ou indirectamente, poida causar a menor ou o menor como consecuencia da utilización do servizo de préstamo de bicicletas.

Artigo 3. Dereitos das usuarias e usuarios.

As usuarias e usuarios do servizo adquiren o dereito á súa utilización nas condicións que se establecen neste regulamento.

As usuarias e usuarios teñen dereito a dispoñer de bicicletas en perfecto estado de uso e funcionamento.



Para calquera reclamación sobre as condicións e circunstancias que afecten á prestación do servizo, as usuarias e usuarios poderán dirixirse ao prestador do servizo a través da oficina de atención e información, do número de teléfono do servizo, da súa páxina web ou do seu correo electrónico. O responsable do servizo responderá á consulta ou reclamación no prazo máximo de 10 días naturais contados desde o seguinte da recepción da comunicación.

Artigo 4. Obrigas das usuarias e usuarios.

A usuaria ou usuario deberá facer uso do servizo coa maior dilixencia posible e conforme as normas de utilización previstas para o préstamo de bicicletas. Deberá facer un uso correcto da bicicleta, devolvéndoa no mesmo estado no que a atopou.

A usuaria ou usuario ten a obriga de comunicar ao encargado do servizo as incidencias que se produzan como consecuencia da utilización do mesmo. No caso de accidente ou calquer outro incidente que afecte ás condicións mecánicas das bicicletas, as usuarias e os usuarios terán a obriga de comunicarllo inmediatamente ao encargado do servizo no teléfono de contacto habilitado.

A usuaria ou usuario asume a garda e custodia da bicicleta que retira, estando obrigado, en todo momento, a actuar dilixentemente e evitar a súa perda, roubo ou furto. Nestes casos a usuaria ou usuario estará na obriga de comunicarllo inmediatamente ao encargado do servizo, denunciar os feitos á Policía Local, Garda Civil ou Policía Nacional nun prazo máximo de 12 horas, e entregar unha copia da denuncia ao encargado do servizo, no prazo máximo das 48 horas seguintes a data da denuncia.

A usuaria ou usuario tamén estará na obriga de comunicarlle ao encargado do servizo a perda, roubo, furto ou substracción da tarxeta, en canto sexa coñecedor deste feito.

A usuaria ou usuario deberá retirar e restituír as bicicletas dentro dos horarios e prazos autorizados. A bicicleta restituirase en calquera dos aparcamentos libres dos puntos de préstamo, debidamente colocada e enganchada de forma que se garanta a seguridade antirroubo da mesma. En caso dunha interrupción no servizo que impida restituír a bicicleta deberá poñela a disposición do encargado do servizo.

A tarxeta persoal, de titularidade municipal, deberá ser restituída polas usuarias e usuarios ante a solicitude motivada do responsable do servizo ou do Concello de Vilagarcía.

As usuarias e usuarios teñen a obriga de comunicar o cambio de calquera dos datos recollidos nos Anexos I e II.



As usuarias e usuarios teñen a obriga de respectar as normas de circulación vial. Así mesmo recoméndase o uso de casco de protección homologado e chaleco reflectante, en especial en horas de baixa visibilidade.

Artigo 5. Responsabilidade das usuarias e usuarios.

As usuarias e os usuarios do servizo serán os únicos responsables dos danos causados á súa persoa, a terceiros ou a calquera ben moble ou inmobile, pola utilización ou uso normal ou anormal do servizo municipal de préstamo de bicicletas.

A persoa usuaria do servizo será a responsable, en todo momento, das obrigas ou infraccións que se determinen por calquera autoridade ou organismo estatal, autonómico ou local, con motivo da conducción da bicicleta.

A bicicleta estará baixo a responsabilidade das usuarias e usuarios durante o período de tempo transcurrido desde a súa retirada ata a súa devolución nun dos puntos de préstamo do servizo, asumindo as consecuencias derivadas das sancións por abandono, roubo, deterioro ou non devolución.

En caso de incidente que afecte ás condicións mecánicas da bicicleta, e sen perxuízo da obriga de comunicación, esta quedará baixo a responsabilidade da persoa usuaria ata que a deposite nun punto de préstamo ou a poña a disposición do encargado do servizo.

Artigo 6. Limitacións ao uso.

Queda terminantemente prohibido:

- a) A utilización da bicicleta fóra do horario e ámbito establecido.
- b) Prestar, arrendar, alugar, ceder ou realizar calquera outro acto de disposición da bicicleta a favor de terceiros, con ou sen ánimo de lucro.
- c) O uso da bicicleta para fins distintos aos propios do obxecto do servizo e en particular o seu uso con fins comerciais ou profesionais.
- d) O uso da bicicleta en competicións de calquera clase.
- e) O uso da bicicleta en lugares tales como escalinatas, ramplas de patinaxe, beirarúas ou similares e camiños de terra.
- f) A desmontaxe ou manipulación da bicicleta.
- g) O transporte na bicicleta de calquera persoa ou animal, así como integrar elementos alleos que poidan servir para estes fins.
- h) Calquera utilización da bicicleta contraria á prevista nas normas de circulación.



Artigo 7. Funcionamento do servizo municipal de préstamo de bicicletas.

A usuaria ou usuario que desexe acceder ao sistema de préstamo de bicicletas deberá dirixirse á Oficina de Atención e Información para formalizar a súa alta no servizo.

Posteriormente á autorización poderá facer uso do sistema, para o cal, deberá dirixirse a un dos catro aparcabicicletas e achegar a súa tarxeta identificativa ao lector da praza correspondente á bicicleta que desexe retirar, co que, previo recoñecemento da usuaria ou usuario, accionará a pechadura do candado de forma automática liberando a bicicleta.

Á hora de devolvela a deberá aparcarse nunha praza libre en calquera dos aparcabicicletas ubicados na cidade e volver a achegar a tarxeta ao lector co fin de accionar a pechadura, asegurándose de que a bicicleta queda ben anclada.

Artigo 8. Condicións de uso.

As usuarias e os usuarios do servizo poderán facer uso diario das bicicletas dentro do seguinte horario: entre as 9.30 e as 22.30 nos meses de maio, xuño, xullo, agosto e setembro, e entre as 9.00 e as 19.00 horas nos restantes meses. Non se prestará o servizo os días 1 de xaneiro, 16 de agosto e 25 de decembro.

A utilización da bicicleta límitase a dúas horas, debendo a persoa usuaria depositala en calquera dos aparcadoiros do servizo antes de que transcorra dito período. A tarxeta quedará desactivada durante cinco minutos, transcorridos os cales poderase solicitar un novo préstamo.

Media hora antes da finalización diaria do servizo non se poderán retirar bicicletas dos puntos de préstamo, pero si devolver aquelas bicicletas que aínda estean en uso.

As condicións establecidas neste artigo poderán ser modificadas por acordo motivado do órgano competente, do que se informará debidamente ás usuarias e usuarios a través daqueles medios establecidos para garantir o seu coñecemento.

Artigo 9. Prezo do servizo.

O servizo de préstamo de bicicletas será gratuíto durante o primeiro ano de prestación. Nos seguintes anos o Concello de Vilagarcía poderá establecer o pago dunha tarifa pola utilización do servizo, logo da tramitación administrativa que corresponda para o seu establecemento.



Artigo 10. Alta no servizo.

Para obter a condición de usuarias e usuarios no servizo municipal de préstamo de bicicletas os cidadáns deberán achegar á oficina do servizo a seguinte documentación:

- Instancia en modelo normalizado, Anexo I, asinada e debidamente cumprimentada.
- Unha fotocopia do DNI, pasaporte ou carné de conducir da ou do solicitante.
- No caso de menores de idade que cumpran o establecido no artigo 2, autorización segundo o modelo do Anexo II.

Logo de comprobar os datos entregaráselle á persoa solicitante a tarxeta persoal de préstamo e o PIN de usuaria, que terá carácter persoal e intransferible.

Artigo 11. Baixa no servizo.

As usuarias e usuarios poderán darse de baixa do servizo municipal de préstamo de bicicletas:

- a) Voluntariamente, logo de presentar o seu DNI, entregar o Anexo III e devolver a tarxeta de usuario en perfecto estado nas oficinas do servizo.
- b) Pola falla de utilización da tarxeta persoal nun período superior a un ano, neste caso será dado de baixa automaticamente polo sistema informático. Para a reactivación da tarxeta as usuarias e usuarios deberán dirixirse as oficinas do servizo.
- c) Pola comisión dalgunha infracción tipificada como grave ou moi grave no artigo 13 segundo o disposto no artigo 14.

A baixa do servizo nestes supostos terá como consecuencia a perderá de todos os dereitos. A persoa usuaria deberá, no caso de estar novamente interesada, darse de alta como se dunha nova usuaria se tratase.

Artigo 12. Procedemento sancionador

O réxime sancionador rexerese polo disposto no título XI da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, séndolle de aplicación os principios establecidos no artigo 127 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e nas súas normas de desenvolvemento, especialmente no Real Decreto 1398/93, de 4 de agosto.



Artigo 13. Clases de infraccións.

O incumprimento das normas previstas neste regulamento clasifícanse coma moi graves, graves e leves.

Son infraccións moi graves:

- Os actos de deterioro, abandono, perda, roubo ou furto dos equipos, infraestruturas, instalacións ou elementos do servizo.
- O impedimento do uso do servizo a outra ou outras persoas con dereito a súa utilización.
- O impedimento ou a grave e relevante obstrucción do normal funcionamento do servizo.

Son infraccións graves:

- O incumprimento das obrigas establecidas no artigo 4.
- O incumprimento das limitacións establecidas no artigo 6.

Son infraccións leves:

- O retraso na entrega da bicicleta.
- Calquera outra infracción das presentes normas non calificadas neste regulamento como graves ou moi graves.

Artigo 14. Sancións.

As infraccións tipificadas no artigo anterior serán sancionadas como segue:

1. Moi graves: multa de ata 1.000 € e baixa no servizo durante 9 meses.
2. Graves: multa de ata 300 € e baixa no servizo durante 6 meses.
3. Leves: inhabilitación temporal da tarxeta.

Artigo 15. Inhabilitacións da tarxeta de usuaria ou usuario.

O retraso na entrega dunha bicicleta con respecto ao horario previsto no artigo 9 non será motivo de baixa, pero si de inhabilitación temporal da tarxeta persoal, segundo o tempo de demora seguinte:

- Se o atraso na entrega se produce durante o horario de prestación do servizo a inhabilitación será de 1 día natural.
- Se o atraso na entrega se produce fóra do horario de prestación do servizo a inhabilitación será de 3 días naturais por cada día de retraso.



Os datos recollidos no sistema de control, que rexistra a hora de retirada e devolución da bicicleta, constitúen a proba de tempo de utilización do servizo a todos os efectos.

Artigo 16. Organos competentes para instruír e resolver.

Correspondelle á encargada ou encargado do servizo do Departamento de Turismo a levar a cabo a instrución do procedemento sancionador.

É competencia da Señora Alcaldesa o inicio e a resolución de dito procedemento.

Artigo 17. Protección de datos.

A protección de datos das usuarias e usuarios do servizo de préstamo de bicicletas acóllese ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

As usuarias e usuarios poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixindo escrito, xunto coa fotocopia do DNI ou documento oficial que acredite a súa identificación, ao encargado do servizo de préstamo, nas oficinas de atención ao público.

ANEXO I - ALTA ADULTOS

INSCRICIÓN NO SERVIZO DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA				
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE				
Nome e apelidos				DNI
Rúa	Nº	Piso	Porta	Teléfono
Municipio	Provincia	Código Postal		E-mail
Data de nacemento	Sexo			
		<input type="checkbox"/> Muller		<input type="checkbox"/> Home
DOCUMENTACIÓN				
<input type="checkbox"/> Fotocopia do DNI, pasaporte ou carné de conducir da persoa solicitante.				
SOLICITA				
Ser inscrito como usuaria/usuario do servizo de préstamo de bicicletas do Concello de Vilagarcía de Arousa.				
DECLARA				
A/O abaixo asinante declara que todos os datos de inscrición son certos e que coñece as				



normas de uso do servizo, e para que así conste, asina o presente documento no lugar e data indicados.

O Concello de Vilagarcía e o xestor do servizo, en cumprimento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmalle que os datos persoais que vostede nos proporciona serán incluídos nun ficheiro automatizado, serán tratados de forma confidencial, e non serán cedidos a terceiros alleos á xestión do servizo municipal de préstamo de bicicletas. Se vostede o desexa poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do servizo.

En Vilagarcía de Arousa, a de de 20
(sinatura da persoa solicitante)

Á Sra. Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa

ANEXO II - ALTA MENORES

INSCRICIÓN NO SERVIZO DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA				
DATOS DA NAI, PAI OU TITORA/TITOR				
Nome e apelidos				DNI
Rúa	Nº	Piso	Porta	Teléfono
Municipio	Provincia	Código Postal		E-mail
DATOS DO MENOR				
Nome e apelidos				DNI (de posuilo)
Data de nacemento	Sexo			
	<input type="checkbox"/> Muller		<input type="checkbox"/> Home	
DOCUMENTACIÓN				
<input type="checkbox"/> Fotocopia do DNI, pasaporte ou carné de conducir da persoa solicitante.				
<input type="checkbox"/> Autorización por escrito da nai, pai ou titora/titor.				
SOLICITA				
Que a menor ou o menor ao meu cargo sexa inscrito como usuaria/usuario do servizo de préstamo de bicicletas do Concello de Vilagarcía de Arousa.				
DECLARA				
A/O abaixo asinante declara que todos os datos de inscrición son certos e que coñece as				



normas de uso do servizo, e para que así conste, asina o presente documento no lugar e data indicados.

O Concello de Vilagarcía e o xestor do servizo, en cumprimento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmalle que os datos persoais que vostede nos proporciona serán incluídos nun ficheiro automatizado, tratados de forma confidencial, e non serán cedidos a terceiros alleos á xestión do servizo municipal de préstamo de bicicletas. Se vostede o desexa poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do servizo.

En Vilagarcía de Arousa, a de de 20
(sinatura da persoa solicitante)

Á Sra. Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa

ANEXO III - BAIXA

INSCRICIÓN NO SERVIZO DE PRÉSTAMO DE BICICLETAS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA				
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE				
Nome e apelidos				DNI
Rúa	Nº	Piso	Porta	Teléfono
Municipio	Provincia	Código Postal	E-mail	
Nº de tarxeta persoal do servizo				
SOLICITA				
Ser dado de baixa como usuaria/o do servizo municipal de préstamo de bicicletas do Concello de Vilagarcía de Arousa.				

En Vilagarcía de Arousa, a de de 20
(sinatura da persoa solicitante)

Á Sra. Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa

En Vilagarcía de Arousa a 18 de agosto de 2009.

A Alcaldesa-Presidenta, M^a Dolores García Giménez.